

EMILIANO, ANTÓNIO (2009): *FONÉTICA DO PORTUGUÊS EUROPEU. DESCRIÇÃO E TRANSCRIÇÃO*. Lisboa: Guimarães Editores, xx + 391 pp.

António Emiliano arrinca esta súa obra sinalando que “este libro non é un manual de Fonética” (p. xiii). Os seus obxectivos fundamentais son dous:

Explicitar a ortofonia portuguesa europeia (com base na pronunciaç o culta de Lisboa) e apresentar razoadamente convenç es gerais de transcriç o normalizada do portugu s europeu *standard* (dito ‘padr o’) por meio do *International Phonetic Alphabet* (p. xiii).

O segundo obxectivo, de car cter cient fico, descompono en tres problemas que detecta na tradiç o fon tica portuguesa contempor nea e cos que se quere enfrontar:

- a) a “multiplicidade de soluç es de transcriç o fon tica do portugu s europeu”;
- b) a “razo vel ambiguidade terminol gica” e
- c) a “falta generalizada de clareza expositiva no que concerne os fundamentos da transcriç o fon tica (e da descriç o fon tica que subjaz a qualquer protocolo de transcriç o)” (p. xiii).

A estes problemas espec ficos da ling stica e da fon tica portuguesas engade outro dun teor que, hoxe en d a, non pode outra cousa ca resultar controverso: a correcci o ling stica. Nas palabras de Emiliano:

  necess rio reflectir sobre mudanç as em curso na l ngua portuguesa europeia (nos seus v rios n veis), algumas das quais —sem com isto querer p r em causa a inevitabilidade da deriva hist rica das l nguas naturais que resulta na s ua universal e “permanente imperman ncia”— resultam claramente de uma diminuiç o nos padr es de qualidade de ensino vigentes nas  ltimas d cadas (p. xv).

No par grafo seguinte asevera que:

H , de facto, mudanç as em curso e em fase de generalizaç o alargada que resultam simplemente de ignor ncia ou inseguranç a dos falantes (ignor ncia fon tica, morfol gica, sint ctica, sem ntica ou l xica) (p. xv).

Como vemos, son dous obxectivos moi diversos. Dun lado, o obxectivo cient fico, ensinar os conceptos da fonolox a articulatoria, clasificar os segmentos fon ticos do portugu s padr o e presentar as convenç es de transcriç o fon tica; doutro, o ensino da variedade fon tica est ndar. Ant nio Emiliano non nos di que pretenda usar a l ngua padr o para mostrarnos un m todo de descriç o da compo ente fon tica portuguesa, algo normal en calquera traballo de ling stica (de feito, o que el vai facer neste traballo), sen n que o ensino do propio padr o   un obxectivo expl cito, sobre todo porque ve o co ecemento do padr o en perigo.

Ora ben, o propio Emiliano reco ece que este labor prescritivo “  um procedimento que non pertence   esfera da Ling stica, enquanto ci ncia da linguagem, mas   esfera da codificaç o ling stica” (p. 369); por n, reclama que, a nda que a “prescriç o est  para al m do m nus estrito dos ling istas enquanto estudiosos da linguagem”,   preferible que sexa realizada “por ling istas competentes e non por amadores, eventualmente bem intencionados, mas cientificamente mal preparados” (p. 369), xa que   un proceso de suma importancia.

Para Emiliano, os ling istas portugueses “s rios” descoidaron este labor a partir da segunda metade do s culo XX; el cre, pola contra, que “a realidade   que no momento presente o portugu s europeu padr o   uma l ngua standardizada que necessita urgentemente de instrumentos de refer ncia e de descriç o de qualidade” (p. xv). Sexa como for, podo ir adiantando xa que este   un deses instrumentos. Con todo,   meu xu zo, o traballo de Emiliano c ntrase afortunadamente no aspecto m is cient fico e descritivo e, como xa dixen, usa s o o est ndar como fonte de datos para a s ua clasificaci o fon tica; mais a n-

da, ás veces incluso reflexiona sobre o status segmental de pronuncias non estándar (algo que refugan sistematicamente outros fonólogos portugueses). Creo sinceramente que esta inclinación científica é a que lle dá valor ó seu traballo. Como lector galego, pouco me importa que a pronuncia estándar do portugués que se corresponde co ditongo <ei> sexa [eɪ], [e̞ɪ] ou [e]; o que me interesa é dispor unha boa ferramenta para poder describir os fonos en cuestión, as súas relacións, etc.; e ter outra ferramenta que me axude a describir a distribución social dos fonos. En fin, como lector galego interésanme os métodos de descrición e análise e a base teórica que os sustenta, porque o que quero é aprender un xeito de describir a fonética galega e a distribución social dos seus fonos en variación.

O capítulo 1, "Descrição," constitúe un repaso demorado e exhaustivo dalgúns tópicos fundamentais da fonética articulatória, aparentemente moi tinguido polas ideas de John Laver (1994). A xustificación da clasificación dos segmentos que Emiliano nos ofrece vese influenciada pola fonoloxía (desde que se recoñecen os papeis da estrutura silábica e dos feitos de distribución complementaria) e pola diacronía (desde que para xustificar algunhas análises tamén se empregan criterios históricos que relacionan dous segmentos). Aparecen tratados aquí de forma clara e concisa os niveis de representación (fonolóxica, fonética e de implementación), o grao de abstracción da análise e dos segmentos fonéticos, a esencia e a función da transcrición fonética, os parámetros para a clasificación dos segmentos, etc.

Emiliano propón algunhas solucións persoais que me parecen controversas. Unha delas, por exemplo, refírese a unha das clases de segmentos máis rebeldes desta disciplina, nomeadamente, os róticos, que clasifica a partir dun grao de constrición específico: "oclusão ou aproximação intermitente" (p. 19). Con todo, esta clase segue a rebelarse: os segmentos tipo [r] son clasificados por Laver como *tapped stop*, que se poden opor a *tapped fricatives* ou a *tapped lateral resonants* (1994:


145), e son definidos como unha articulación balística en que se fai chocar rapidamente un articulador activo contra o pasivo; pola contra, a disposición articulatória que produce, por medio do efecto Bernoulli, as vibracións dos segmentos tipo [r] pode ser topada en *trilled stops* e en *trilled fricatives*. Polo tanto, *taps* e *trills* parecen ser máis modos de articulación que graos de constrición, causados por distintas configuracións fisiolóxicas. Nótese tamén que as vibrantes uvulares portuguesas covarían nalgúns dialectos con fricativas uvulares; nos dialectos brasileiros covarían con segmentos glotais. Este feito aínda complica máis a descrición e clasificación das vibrantes, pois sendo as vibrantes alveolares [+soante], entran nunha relación de covariación con segmentos fricativos dorsais [-soante].

Por outra parte, vexo problemática a afirmación segundo a cal tódalas resoantes son soantes, pero non tódalas soantes son resoantes (p. 18), non porque non sexa certa (é certa), senón porque temo que a inclusión da oposición *soante* vs. *obstruínte* como superordinada á oposición *oclusiva* vs. *fricativa* vs. *resoante* non sexa adecuada: ámbalas oposicións xorden de distintas segmentacións do universo fonético. De feito, os termos *sonorante* ~ *soante* e *obstruínte* non aparecen no *Subject index* de Laver (1994). En Chomsky e Halle (1968) as nasais son *sonorantes* ~ *soantes* porque non impiden a vibración espontánea das cordas vocais, pero para Laver (1994) non son *resoantes* porque se realizan impedindo completamente a saída do aire a través do tracto oral, o que as transforma automaticamente en oclusivas e as distingue das vogais, semivogais e laterais con aproximación aberta, todas elas resoantes. Por outra parte, non acabo de entender o interese de Laver por agrupar laterais, vogais e semivogais e de segregar as laterais das nasais.

Na clasificación das consoantes, Emiliano establece unha innovación ó meu xuízo debería xustificar, pois non se corresponde coa tradición. Considera que oclusivo, fricativo e resoante son *modos de articulación* no canto de *graos de constrición*. Alén de afirmar que

non se segue a práctica tradicional “por razóns de consistencia e rigor” (p. 23), sería bo achegar algunha destas razóns.

Emiliano enfróntase longamente, con rigor e orixinalidade, á dura cuestión dos *ditongos* e *hiatos* (que ofrece perfís similares en galego, portugués e castelán), e detense en problemas que adoitan ser ocultados ou simplemente pasar desapercibidos. Ofrece unha definición *fonética* de ditongo: “os ditongos são, em termos acústicos e articulatorios, vocóides complexos cujas características se alteram durante a produção” (p. 34). Porén, despois acepta a tradición fonética portuguesa, que os analiza “habitual e fundamentalmente” como “sequências de dois vocóides”. Considera que os ditongos decrecentes son dous vocóides ligados ó núcleo da sílaba (na lingüística galega acostuma a considerarse a vogal *subjuntiva* dos ditongos decrecentes como coda, i.e., marxe de sílaba e, polo tanto, cunha posición silábica independente). Porén, as secuencias de resoantes tipo [wɛ] ou [ja] de palabras coma *moeda* [ˈmwɛdɐ] ou *piada* [ˈpjadɐ], resultado da “fusão de hiatos”, non son considerados ditongos, unha secuencia de dous vocóides, senón que reciben unha análise distinta, pois neste caso as semivogais si se consideran marxe, situadas no ataque da sílaba, en canto a vogal ocupa o núcleo:



O ditongo require que os seus dous segmentos constitutivos ocupen o núcleo da sílaba. A mención das posicións silábicas procede da compoñente fonolóxica do portugués, pois Emiliano describe a *representación fonética sistemática do portugués*, i.e., o resultado de enriquecer unha representación fonolóxica cun conxunto de regras ou restricións. Ora ben, este propósito é distinto de ofrecer unha descrición dos segmentos fonéticos do

portugués, tomados á parte do seu comportamento fonolóxico, e desde o interior da fonética. Desde un punto de vista estritamente fonético, se por ditongo entendemos unha vogal complexa cuxas características mudan ó longo da súa produción, tan ditongos parecen os *resultados* da “fusão de hiatos” coma os ditongos decrecentes (que en portugués tamén poden resultar da fusión de hiatos, polo menos, se aceptamos que *cantei* [kɐ̃ˈtɛj], e.g., derive de /kaNt+a+i/), con independencia do lugar que ocupen na sílaba as vogais *subjuntivas*. Alén disto, nunha descrición fonética non matizada pola fonoloxía, ¿por que usar [j]~[w] no ataque e [i]~[ɥ] na coda, e non empregar só [j]~[w] ou [i]~[ɥ] tanto na coda coma no ataque? A semivogal [j] é tan resoante coma a vogal [i] ou a vogal subxuntiva [ɥ]; as secuencias [ju], [u] e [uɥ] presentan un só xesto de constrición fonética e fonolóxica; polo tanto, o problema non está no grao de abertura, senón na posición dentro da sílaba, que é unha cuestión fonolóxica. As diferenzas no grao de abertura mencionadas nas pp. 268-269, ¿non poderían ser atribuídas ó lugar relativo que ocupa o segmento?, ¿a diferenza entre [j] e [i] non pode ser considerada *subcategorial*, *escalar*, no senso apuntado en (p. 253)? Que a vogal subxuntiva sexa centralizada e máis aberta cá semivogal ([ja] vs. [aɥ] ~ [aj]) indica que son, evidentemente, unidades fonéticas distintas, mais non que a semivogal pertenza ó ataque e a vogal subxuntiva ó núcleo e non á coda. A verdade é que esta é una apaixonante discusión que non cabe nestas poucas páxinas.

Moi interesante resulta o feito de sinalar que as evolucións [ej] ~ [ɛj] > [ɛj] e [ow] > [o] do portugués estándar lisboeta levaron á eliminación dos ditongos isocromáticos (p. 36). Esta evolución ofrece unha regularidade rechamante: unha vogal *dominante* debe presentar sempre unha vogal *subxuntiva* de diferente “cor”.

Clarísima e clarificadora é a exposición sobre os diferentes tipos de transcripción fonética (pp. 47-51), que complementa os comentarios sobre as funcións e esencia das transcripción que aparecen ó inicio do capítulo. Ilumina-

dora é a exposición sobre os protocolos de transcripción *SAMPA* e *X-SAMPA* (pp. 55-60). Outro elemento de utilidade para as clases de fonética é que Emiliano ofrécenos os *nomes* dos símbolos fonéticos do IPA (pp. 61-64).

Nun manual dedicado á transcripción fonética e nunha cultura en que é habitual a confusión entre letra, grafema, son e fonema, gaña sentido o contido da aliña “Relação entre unidades gráficas e fonéticas” (pp. 65-76), que informa con finura e precisión o lector sobre as diferenzas entre grafía e son, os principios básicos da *grafemática* e da *grafémica*.

Cando estuda a relación letra / son, resulta atractiva a forma explicar como as “vogais átonas não reduzidas” de palabras coma *acção* ou *decepção* se vinculan con dígrafos que inclúen as “(impropriamente) chamadas «consoantes mudas» C e P da ortografía portuguesa” (pp. 9). Nas palabras de Emiliano:

Na forma gráfemica de um grande número de palavras, as vogais átonas não reduzidas são representadas por dígrafos especiais, constituídos por letra vocálica e letra consonântica (dita, impropriamente, “muda”) (p. 34).

Entre as páxinas 89 e 246 aparece unha longa ilustración da transcripción de todos e cada un dos segmentos fonéticos sistemáticos do portugués estándar, acompañados da súa transcripción en *SAMPA* e ortográfica. Estas transcrpcións ilustran o uso do protocolo enunciado no capítulo “Descrição”; ademais, serve de base para reflexións fonolóxicas e para o ensino da pronuncia do portugués estándar.

A seguir, ábrese unha aliña 2.3 “Observações” con varios elementos que deben ser destacados. En primeiro lugar, a descrición do estándar verifícase por simple contraste, sen emitir molestas valoracións, e sinalando os ámbitos comunicativos en que son normais os trazos consignados. De feito, os trazos non estándar aparecen ó describir os fenómenos que non se ven representados nas transcrpcións; desde modo, Emiliano ofértanos un completo e interesante catálogo de fenóme-

nos de variación lingüística do portugués, de entre os que cabe salientar o aumento de usos de vogais átonas non reducidas.

Entre as páxinas 277 e 290 aborda unha cuestión anunciada ó comezo: a disparidade de tratamento nos “sistemas de transcrição fonética do portugués europeu (adoptados por autores europeos na segunda metade do século XX e inicios do século XXI)” (p. 276). Tras repasar as propostas descritivas de quince traballos, constata que neles se usan símbolos que non pertencen ó inventario do IPA, que se usan símbolos IPA cun valor diferente ó que esta convención marca, que faltan os inventarios de símbolos e as convencións de transcripción ou que os inventarios son incompletos. Neste repaso é especialmente crítico co *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea* (da Academia das Ciências de Lisboa):

Apesar de ser uma obra recente, o que pressuporia alguma actualização por parte dos seus autores, o DLPC apresenta algumas deficiências que se não esperaria encontrar numa obra de referência desta envergadura no dealbar do séc. XXI (p. 285).

Entre os símbolos que a tradición fonética portuguesa creou está [ɑ] para a vogal que despois foi substituída por [ɐ], e que deu orixe a unha serie de representacións fóra das convencións IPA: [ɑ], [ã], [ãw] ou [ãj]; tamén o uso de [ə], vogal central media, usada para unha vogal central alta [i]. En fin, este capítulo non é outra cousa ca unha útil historia crítica da transcripción fonética portuguesa.

Finalmente, a obra acaba coa oferta de cerca de 1050 “geónimos”, representados en transcripción ortográfica, coa transcripción fonética da súa pronuncia no portugués estándar e en transcripción *SAMPA*.

Penso que a lingüística portuguesa non pode outra cousa ca sentirse feliz pola publicación dun traballo coma este. Destacan nel o rigor analítico, a coherencia, a claridade expositiva, o valente e iluminador valor crítico. Só unha ciencia que chegou a un certo grao de desenvolvemento pode producir traballos de

revisión coma o presente. Nalgún momento do texto, Emiliano presenta esta obra como unha introdución fonética a unha fonoloxía en preparación. Esperamos por ela.

Francisco Dubert García